


QUERES QUE AS TÚAS PLANTAS FORMEN PARTE DUNHA OBRA DE ARTE?

BASES


A Fundación Eugenio Granell prepara un proxecto expositivo para o que nos gustaría contar coa túa colaboración.

Trátase dunha instalación dunha artista contemporánea galega que se inaugurará o 27 de xuño, e estará exposta ata o 29 de setembro.

1. Para desenvolver esta obra, necesitamos a túa colaboración ou doazón de diferentes tipos de plantas. A continuación, mostramos algúns exemplos, pero podes participar con outro tipo, sempre que sexan de interior e non precisen moita luz natural.



Hedra



Fento (admítense variedades)

Espada de San Xurxo





Lirio da paz



Ficus benjamina



Palma esmeralda



Aspidistra

2. **As plantas deben aportarse cos elementos necesarios para o seu correcto mantemento, maceta e prato.**
3. **As plantas deben entregarse na recepción da Fundación Eugenio Granell, Pazo de Bendaña, Praza do Toural, Santiago de Compostela, entre os días 13 e 18 de xuño, en horario: de martes a xoves de 11.00 a 14.00, e de 16.00 a 20.00; venres de 11.00 a 14.00.**
4. **Cada planta debe ir acompañada dos seguintes datos:**
 - **Nome e apelidos**
 - **Teléfono de contacto**
 - **Correo electrónico**
 - **Doazón ou préstamo**
5. **Unha vez rematado o prazo de recepción das plantas, seleccionaranse aquelas que formen parte da instalación. As plantas en préstamo, que non se precisen para o proxecto, serán devoltas aos seus propietarios con aviso previo.**
6. **Transcorrido o prazo de 7 días para a retirada das plantas en préstamo, estimarase que o propietario/a renuncia a todo dereito sobre a planta cedida, podendo dispor a Fundación o que considere oportuno.**
7. **A retirada das plantas en préstamo efectuarase na sede da Fundación -para o que se deberá presentar o correspondente resgardo-.**

- 8. A Fundación Eugenio Granell coidará coa dilixencia debida as plantas cedidas durante o tempo que permanezan na sede. En calquera caso, a Fundación declina toda responsabilidade por causa de forza maior que poida ocorrer sobre as plantas achegadas, no tempo que estean baixo a súa custodia. (Non se subscribirá póliza de seguro que cubra tales riscos).**
- 9. A participación nesta Campaña supón a aceptación por parte dos donos das plantas destas bases.**
- 10. Os datos facilitados polos participantes quedarán incorporados nun ficheiro da Fundación Eugenio Granell e trataranse de forma confidencial coa finalidade de xestionar á dita exposición. Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e/ou oposición de ditos datos, deberá dirixirse ao seguinte enderezo: Fundación Eugenio Granell. Pazo de Bendaña. Praza do Toural, s/n (CP 15705 - Santiago de Compostela, A Coruña).**